

- *Picado-mordentes*

Como o seu nome indica, é un ornamento composto que se realiza executando un picado seguido dun mordente. Podes atopar noutros libros e tratados este mesmo adorno nomeado como dobre-picado. Nós en próximos volumes traballaremos un ornamento que designamos con este nome, diferente na execución do que estamos a estudar neste apartado. A sonoridade do picado-mordente é moi parecida á producida ao pronunciar a sílaba –trá-. Representámoslos mediante tres fusas de tamaño reducido, a primeira delas indícanos o picado e con que dedo realizalo, e as dúas seguintes o mordente. Este toma a súa duración da nota real que o precede. A súa execución consiste en realizar un picado, e xusto cando o dedo que realiza este chega a tapar o seu burato, realizar o mordente. Aínda que en próximos volumes traballaremos e empregaremos este ornamento con outras funcións, ao longo de todo este volume utilizarémolo sempre como un sistema de repetición de notas. Estes exercicios que vos amosamos son para traballar o picado-mordente de menor a maior velocidade, e así poder entender mellor a rítmica de execución do mesmo. Ao igual que acontecía cando falabamos do picado no 1º volume de *Temperando: Iniciación*, os picados que empregamos dentro do picado-mordente poden realizarse con outros dedos distintos dos que nós vos indicamos, iso si, se empregades outros fixédevos que a sonoridade sexa a correcta.



- *Valse do Miro*

Valse que aprendemos de Miro, Gaiteiro de Xinzo e membro dos ‘Vilaboa’ (A Pontenova, provincia de Lugo). Desta fermosa melodía contounos que é unha interpretación súa dunha melodía escoitada no cine nunha película dos anos 40 do século XX (non temos máis datos da mesma). Anos máis tarde este valse popularizouno o grupo ‘Caldaloba’². Nesta peza imos atopar numerosos picado-mordentes que ornamentan a melodía, trataremos de executalos o máis limpos posible, interpretándoos de forma que se escoiten perfectamente as tres notas do adorno (picado máis as dúas notas do mordente) sempre sen solapar unhas coas outras. Ademais lembraremos roubarlle o seu valor á nota real que o precede, chegando a tempo á seguinte nota real. Como acontecerá na maioría de pezas que traballaremos, ao aparecer nas partituras destas dúas voces, estudaremos ambas para mellorar a técnica en todo o rexistro da gaita.

² Podemos atopar información sobre deste grupo no 2º volume de *Temperando: Iniciación*.

Picado-mordente

The image displays ten staves of musical notation for a piece titled "Picado-mordente". The music is written in D major, indicated by two sharps (F# and C#) in the key signature. The notation is organized into five pairs of staves, each pair containing a single melodic line and a corresponding bass line. The first staff of each pair begins with a repeat sign. The notation includes a variety of rhythmic values: quarter notes, eighth notes, and sixteenth notes, often grouped in beams. A defining characteristic of the piece is the frequent use of mordents, which are small, stylized 'Y' symbols placed above or below notes to indicate a rapid oscillation between the note and the note a half step above or below it. The piece concludes with a double bar line and repeat dots at the end of the final staff.

Muiñeira dos Garceiras

Irmãos Garceiras de Melide

The musical score for "Muiñeira dos Garceiras" is presented in five systems, each consisting of two staves (treble and bass clef). The key signature is two sharps (F# and C#), and the time signature is 6/8. The first system begins with a repeat sign and a trill ornament. The second system includes first and second endings. The third system is a continuous melody. The fourth system also includes first and second endings, with the second ending marked with a '4' indicating a four-measure phrase. The fifth system continues the melody with various rhythmic patterns and a final '4' marking.

Adicada á meniña Noelia Otero López

8 $\text{♩} = 90$

Gaita en Do

Piano

8 $\text{♩} = 90$

A musical score for the song 'The Rose Tree'. It features three staves: a vocal line in treble clef with a key signature of one sharp (F#), and two piano accompaniment staves in treble and bass clefs with a key signature of one flat (Bb). The music is in 3/4 time. The vocal line consists of four measures, with the first three being whole rests and the fourth containing a triplet of eighth notes. The piano accompaniment consists of four measures. The first three measures feature a triplet of eighth notes in the right hand and a steady eighth-note bass line in the left hand. The fourth measure features a triplet of eighth notes in the right hand and a single eighth note in the left hand.

A musical score for the song 'The Rose Tree'. It features three staves: a vocal line in treble clef with a key signature of one sharp (F#), and two piano accompaniment staves in treble and bass clefs with a key signature of one flat (Bb). The music is in 4/4 time. The vocal line consists of four measures of melody. The piano accompaniment provides harmonic support with chords and moving lines in both hands. The score is presented in a clean, black-and-white format.

A musical score for the song 'The Rose Tree'. It features three staves: a vocal line in treble clef with a key signature of one sharp (F#), and two piano accompaniment staves in treble and bass clefs with a key signature of one flat (Bb). The music is in 4/4 time. The vocal line consists of four measures, with the first measure starting on a whole note and the subsequent measures containing eighth and quarter notes. The piano accompaniment provides a harmonic foundation with chords and moving lines in both hands.